

**Do van**

*Nam si abest quod ames, praesto simulacra tamen sunt  
illius et nomen dulce obversatur ad auris.*

Lucr. 4, 1061-62

## Soprar nas brasas

Sete días para que curen os ósos; canto para que peche a carne?

Din que as flores doen o mesmo o primeiro día que dez anos despois.

Din que camiño é o rego de fume na cheminea. O intanxible tamén afunde as unllas, tamén embarra. Non cremos nas pantasma porque non as vemos, porén vemos a Deus na orde das ondas. Para ver o sentido das cousas é preciso querer ver o sentido das cousas.

Os cervos morren de estadía cegados pola luz dos faros, eu morrín por preferir o movemento. Podemos mesturar dúas cores para obter outra pero non podemos regresar ao estado orixinal dos compoñentes.

O único que queda para testemuñar o que un día fomos son os aneis das cuncas de té enriba da mesa. Tiñamos a ponte a medio erguer. Agora tiráchela abaixo e xa non sei que facer cos borradores.

O medo a perder a casa manca menos que durmir entre os cascallos.

## **Tocario B**

Disque é cuestión de saber que a dor non vai marchar  
pero decidir eludila como os ollos saben que o nariz está aí  
e prefiren ocultalo. Co tempo esvaecerá o sentido (podemos  
dicir palabras como *invernal*), pero a escrita permanece:  
de detrás das covas están os númenes; detrás do papel estás ti.  
Xa non vas marchar e os tizóns volven alumar. É a lóxica  
da febre, os indicios non saen de ti, senón do vento.  
Un sempre é gañador porque se vence; aínda así é inútil  
pór o fío contra o propio pescozo. Dicimos que algo  
paga a pena cando accederíamos a pagarlle ó barqueiro.  
Fuxir é un acto de valentía, parecémonos máis do que pensas.  
Aínda agardo na Quintana a que quezan os pés.

## Fractura

Ti falabas das cousas que son; eu falaba da nada.

Ti es o iambo; eu, a elexía. Ti apañas e sementas;  
eu durmo no barbeito. Pregúntasme polo tempo:  
para ti non hai; para min non é.

Ti xogas a crer nos astros, eu xoguei a crer que había  
un sentido tralas cousas, e de certo que cheguei a pensar,  
cando pasaba os dedos pola pel dos teus pulsos,  
tan delicada coma un salouco, cando me quecías as mans  
co teu bafo (ti tes lume no peito; a miña carne é sarabia),  
de certo que cheguei a pensar que a vida é o sentido.

O devanagari ten un diacrítico de nome *chandrabindu*,  
a pinga da lúa. É a conxestión, é a asfixia,  
a pedra dobre que zumega o froito líquido da mutilación.  
Os hispanos esperamos dúas veces. A primeira criamos  
raíces, a segunda xoncemos cadeas.

Aquela noite díxenche que me arrincaran un brazo:  
en realidade arrincáranme o corpo todo.

Todo eu son ti, e todo ti es fume.

## **Reptar**

A clausura é unha invención do poema, e dicía un poeta que esquecer non é unha opción. Os pesares confiren autoridade, e sempre darei co xeito de volver sentir o desacougo, así como as baleas precisan volver á orixe para respirar, así como construímos os tellados en pico para que escorregue a auga pero amamos para que nos inunde. A orixe non é unha soa montaña, senón un sistema, un conxunto de afluentes, pero o que dá identidade a un río é a cabeceira. Tódalas orixes teñen unha corda, e a mesma corda que nos nutre tamén nos pode afogar. Daquela ti estarás en todos os que veñan detrás de ti.

## Bacantes

A memoria constrúese e iso tamén o sabes ti. Podemos descompoñela e volver pegar os anacos, numerar os versos, ou podemos celebrar o saber do lume. Porén hai certo sentido e estabilidade no meu piar de libros: os humanos erguemos torres porque suspiramos por aquilo que non nos corresponde. Sabes? Hoxe dicimos que estamos feitos de terra, pero en Hattuša eramos aire. Talvez o propio do humano é regresar ao fogar. Miña avoa botou dezaoto lúas a honrar o recordo do marido; a túa aprendeuche a coser pero aínda non sabes non rachar a pel.

## **Cosmovisión**

Unha amiga e mais eu falamos de peixes afogados e non volvín escribir doutra cousa. Parécese á luz das alboradas e dos solpores, cando é tan densa que semella que se puidese acubillar na traquea, apreixala e actuar coma os parasitos que devoran a lingua dos peixes para substituíla consigo mesmos.

Os paxaros saben cal é o momento preciso para botar a voar dun ao outro lado da estrada.

Nós dependemos diso que demos en chamar xuízo, cando a lóxica non é máis que unha unidade de medida.

Os humanos somos sempre os mesmos, e os contos repítense como consecuencia. Igual que na liturxia tocaría poderíamos dicir que querer ten que ver co vento, os galegos dicimos que un recipiente está libre cando está baleiro.

Decidir significa cortar e extraer aquilo que non precisas.



## **Solsticio de verán**

Vin un gato morto no medio da estrada. O seu corpo estaba esmagado e sabía que ninguén ía ir por el. Eu volvín para tratar de comprender cal é a natureza do tempo, pero tamén para comprobar se a miña pel aínda sabe distinguir a xeadá da borralla ou se, pola contra, o hábito xa era fósil. Coido que a coiraza do corazón son os pulmóns e non as costelas. O aire amortece o impacto; os ósos estoupan e atravesan a carne. As baleas quixeron saír da auga e ao regresaren non puideron esquecer o aire. Se queremos querer temos que abrir o pescozo. O peor foi ver que o mundo seguía a se mover.